

Texto: **JOSÉ ANTONIO ABAD** (idea orixinal de ANISIA MIRANDA)

Ilustracións: **ROSA OSUNA**

Narración: **XOSÉ RAMÓN GAYOSO**

Composición musical: **FERNANDO SEVERO ALTUBE**

Dirección musical: **ALEJANDRO POSADA – ORQUESTRA SINFÓNICA DE GALICIA**

Libro-disco. Encadernado en cartonné.

40 páxinas a toda cor. 17x19 cm.

Dispoñible en:

-Galego: "O Oso Fabuloso". Sondeconto. ISBN 978-84-8464-511-5

-Castelán: "El Oso Fabuloso". Sondecuento. ISBN 978-84-8464-517-7

Prezo: 20 €



## O OSO FABULOSO

**Érase unha vez un osiño que vivía nunha aldea rodeada de árbores e flores. Alí vivían moitos osos, pero Chispa era diferente. Unha mañá os paxaros quedaron sorprendidos ao ver pasar a Chispa cara á súa casa coma un raio.**

**-Ola mamá! Estou aquí! Deixei a escola. Xa son grande e traballar gústame máis.**

- **Temática:** o colexio, o traballo
- **Idade recomendada:** a partir de 3 anos
- **Aspectos destacables:** libro-disco; conto narrado, inclúe unha canción infantil; ilustracións de cores suaves; reflexión sobre o crecemento e a madurez

Chispa ignora que a madurez é cuestión de tempo e que a aprendizaxe é unha etapa básica da nenez. Pero os adultos non lle reprenden o seu impulso, senón que actúan de xeito que el mesmo se decate do erro. "O Oso Fabuloso" é unha fábula coa que os cativos aprenderán a valorar a importancia da formación e dos sabios consellos dos maiores.

José Antonio Abad elabora un texto poético, descriptivo e cheo de metáforas. Rosa Osuna logra unha obra plástica que destila calidez, con trazos sinxelos e unha combinación cromática moi acertada. Esta obra formou parte dun proxecto de colaboración de KALANDRAKA coa Orquestra Sinfónica de Galicia: o libro complétase cun CD, con música de Fernando Severo Altube, inspirada na montaña galega e nos ritmos do noroeste arxentino, coa voz do popular presentador da TVG Xosé Ramón Gayoso.

### **JOSÉ ANTONIO ABAD VARELA** (A Coruña, 1940)

Licenciado en Psicoloxía pola Universidade de Sevilla e Diplomado en Ciencias da Educación polo Instituto Psicopedagógico de Grottaferrata (Italia). Presidiu a Asociación de Escolas Infantís de Andalucía e durante case 30 anos adicouse á educación nesa franxa de idade. Desde 1989 traballou na área de Servizos Sociais do Concello da Coruña. Entre 1992 e 2005 dirixiu o Departamento de Programas de Divulgación da Música; del dependía o achegamento da música aos centros escolares e os programas didácticos da Orquestra Sinfónica de Galicia e da Banda Municipal da Coruña.

### **ROSA OSUNA** (Segovia, 1961)

Licenciada en Belas Artes (Madrid), na especialidade de Deseño. Desde entón traballa no deseño e na ilustración publicitaria, que combina con diferentes proxectos, como escenografías para teatro e animación con plastilina. Desde 1996 traballa na ilustración de libros de texto. "Avós", editado por KALANDRAKA, foi o seu primeiro álbum ilustrado, que obtivo o Premio Libreter 2003, outorgado polos libreiros cataláns. A "O oso fabuloso" seguiuille "Un agasallo diferente", ambos en KALANDRAKA.

### **FERNANDO SEVERO ALTUBE** (Salta, Argentina, 1960)

Estudou música desde os seis anos no seu país natal, onde gañou a medalla de ouro no Conservatorio Nacional de Música 'Carlos López Buchardo'. En 1989 obtivo unha bolsa para estudar no Conservatorio Estatal de Moscú, onde permaneceu ata 1995. Solista, compositor, docente en Setúbal e Lisboa. Actuou no Pazo de Congressos e no Teatro Rosalía de Castro da Coruña. Nesta cidade conseguiu en 1999 o primeiro premio do Concurso de Composición Andrés Gaos. No Pazo da Ópera participou, en marzo de 2002, na estrea mundial da Sinfonía Concertante "El Cacuy", coa Orquestra Sinfónica de Galicia.